

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2022/1	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	24 de febreiro de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata 21:10 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	NON
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI




Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1.- Aprobación da acta da sesión anterior

**Favorable**

**Tipo de votación**

Apróbanse por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno celebrado en xaneiro, con data do 27.01.2022, e a sesión extraordinaria do Pleno celebrada en febreiro, con data do 03.02.2022.

### 2. Corrección acordo POS-Social 2022

**Favorable**

**Tipo de votación**

#### DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo á corrección do acordo do POS-Social da aprobación que xa se levou a cabo pero neste faltaba unha frase necesaria para que o acordo teña validez ante a Deputación.

#### VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 a favor.

GRUPO MIXTO-PSOE:

#### ACORDO



Visto o informe da coordinadora de Servizos Sociais deste concello e responsable da unidade tramitadora deste expediente no que aclara o erro producido por omisión do apartado 2º do acordo adoptado na sesión do tres de febreiro pasado.

Considerando necesario a corrección de dito acordo, coa inclusión do punto 2º omitido no seu día, o Pleno da Corporación adopta o seguinte

**ACORDO:**

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ Adicional 1/2022”** da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022

Achega provincial **SOLICITADA** para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios

73.31,89  
€

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2022</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR</b>
	<b>(A)</b>	<b>(B)</b>	<b>CONCEPTO</b>
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade,	21.500,00€	0.00 €	21.500,00€



educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.			
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.	35.000,00€	5.000,00€	30.000 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	15.000,00€	5.680,11€	9.319,89€
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	71.500,00 €	10.680,11 €	60.819,89
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	12.500,00 €	0,00 €	12.500,00€
<b>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>	12.500,00 €	0,00 €	12.500,00
<b>TOTAL</b>	84.000,00 €	10.680,11 €	73.319,89

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### 3. Expediente 129/2022. Recoñecemento Extraxudicial de créditos.

**Favorable**

**Tipo de votación**

#### DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta do acordo relativo ao



expediente 129/2022 sendo un REC, facturas do exercicio anterior, e traemos as facturas que se relacionan para poder levar a cabo o pago das mesmas.

Toma a palabra a Sra. Molinos, voceira do PP, que indica que ao igual que xa manifestamos noutras ocasións anteriores, pensamos que se estas facturas se corresponden con servizos ou subministracións que efectivamente foron prestados e conformados polo órgano que corresponda, pois efectivamente deben ser aboadas aos provedores. Tamén é certo que en ocasións non vemos explicación a que ese pago non se teña feito no ano natural correspondente. Por exemplo, neste expediente chámamos a atención que haxa dúas facturas de dúas empresas de transportes derivadas de viaxes de escolares dende o colexio a un parque multiaventura (Naturmax) en Mazaricos, que foron presentadas no concello en xuño do ano pasado, e non entendemos porque non se tiveron pagado nesa anualidade. Gustaríanos que nos aclarase agora cal foi a causa desa demora, xa que na comisión informativa, como ven sendo habitual en vostede, non foi quen de darnos unha explicación ao respecto. Salvo este matiz, non temos mais que dicir.

Toma a palabra o voceiro do BNG, o Sr. Núñez, que indica que como sempre as facturas dos servizos que xa se prestaron hai que pagalas, o Concello non pode quedar de moroso. Si que nos chama a atención que levamos unha serie de REC nos que se emiten reparos por Intervención que tal vez o goberno non está tomando nota. Nós o que lle pedimos ao goberno é que sexa responsable coas súas accións, xa que certos procedementos poderían derivar en responsabilidades ante a xustiza. Creemos que é importante que o goberno traballe como ten que traballar e que non reiteradamente traia REC ao Pleno.

Indica o Sr. González que fai referencia á pregunta realizada polo PP sobre dúas facturas que foron emitidas en xuño pero que dende a área de intervención non tiñan claro a natureza deste gasto. Finalmente solventouse o que pasa que xa no se podía pagar no exercicio anterior por iso é necesario traelo agora.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que unicamente dicirlle que esta é unha das consecuencias derivadas de non ter aprobado o Orzamento Municipal en tempo e forma, que non teñen vostedes a partida correspondente á que aplicar certos gastos que fan igualmente.

Responde o Sr. González que non se debe a iso, e que non é esa a cuestión.



## VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 a favor

GRUPO MIXTO-PSOE:

## ACORDO

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 6.394,08€ que se corresponden con facturas rexistradas na conta 413 a 31/12/2021 e a relación contable de facturas F/2022/2, polas causas seguintes: facturas de prestacións realizadas no exercicio 2021 e presentación das facturas por parte dos provedores nos rexistros administrativos nesta anualidade 2022, correspondentes a prestacións realizadas no exercicio 2021.

- Facturas rexistradas na conta 413 a 31/12/2021, que suman un total de 3.112,56 €, co seguinte detalle:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2021/1842	23/06/21	2021 61	21/06/21	165B15074222		AUTOS COMPARADO, S.L.	FRA 202161 SERVICIO AUTOBUS (1 AUTOCAR) TRASLADO ESCOLARES DESDE O CEIP DE OUTES A NATURMAX O DIA 11-6-2021
F/2021/2342	23/06/21	11 000008	15/06/21	16532197051H		MANUEL FERRIN SUAREZ	FRA Nº 1000008 - 1 MIBROBUS O DIA 11/06 SALIDA DEL COLEGIO A NATURMAX
F/2021/4091	23/11/21	LIQUID814	17/11/21	2782,56S1500072B		CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS SOCIAIS	LIQUIDACION 814 - APORTACION ECONOMICA MUNICIPAL DO SERVIZO XANTAR NA CASA PERIODO XULLO-AGOSTO-SETEMBRO 2021

- F/2022/2 (facturas ano 2021 presentadas no ano 2022) de importe 3.281,52 €.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2020, prorrogadas para 2022, o Pleno da Corporación **ACORDA**:

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2022 por importe total de 6.394,08€, que se corresponden con facturas



rexistradas na conta 413 a 31/12/2021 e a relación contable de facturas F/2022/2, polas causas seguintes: facturas de prestacións realizadas no exercicio 2021 e presentación das facturas por parte dos provedores nos rexistros administrativos nesta anualidade 2022, correspondentes a prestacións realizadas no exercicio 2021.

- Facturas rexistradas na conta 413 a 31/12/2021, que suman un total de 3.112,56 €, co seguinte detalle:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe		Nombre	Texto Explicativo
				Total	Tercero		
F/2021/1842	23/06/21	2021 61	21/06/21	165B15074222		AUTOS COMPARADO, S.L.	FRA 202161 SERVICIO AUTOBUS (1 AUTOCAR) TRASLADO ESCOLARES DESDE O CEIP DE OUTES A NATURMAX O DIA 11-6-2021
F/2021/2342	23/06/21	11 000008	15/06/21	16532197051H		MANUEL FERRIN SUAREZ	FRA Nº 1000008 - 1 MIBROBUS O DIA 11/06 SALIDA DEL COLEGIO A NATURMAX
F/2021/4091	23/11/21	LIQUID814	17/11/21	2782,56S1500072B		CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS SOCIAIS	LIQUIDACION 814 - APORTACION ECONOMICA MUNICIPAL DO SERVIZO XANTAR NA CASA PERIODO XULLO-AGOSTO-SETEMBRO 2021

- F/2022/2 (facturas ano 2021 presentadas no ano 2022) de importe 3.281,52 €.

**SEGUNDO.** Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal de 2022 prorrogado, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias das facturas sinaladas no punto anterior.

#### 4. Moción BNG - Apoio ao 8 de marzo.

##### Favorable

##### Tipo de votación

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

#### MOCIÓN

Exposición de Motivos:

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das



mulleres. No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos cuidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

A folga feminista xurdía coma un movemento internacional froito de varios acontecementos. Entre eles, dúas históricas mobilizacións a finais de 2016 en Polonia (contra o endurecemento da lexislación sobre o aborto) e sobre todo en Arxentina (folga impulsada polo movemento “Ni una menos” após o brutal asasinato de Lucía Pérez). Desde latinoamérica impulsouse un paro cara o 8 de marzo de 2016 que se foi estendendo a outros países, onde tiveron lugar paros, tanto produtivos, como de cuidados e traballos non remunerados. En Galiza houbo conexión e solidariedade con estas loitas, desde os primeiros apoios simbólicos a folgas históricas precedidas, agás 2021 por mor da pandemia e as restricións de mobilidade, de históricas convocatorias de manifestación nacional en Vigo, Lugo ou Verín.

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia as declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, que o incumprimento da promesa de





derrogación da reforma laboral do PP por parte de PSOE e Podemos vai agravar, súmase a desigualdade derivada da falta de servizos públicos, que alimenta unha economía mergullada na que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da OIT, que o goberno do Estado dicía ter en marcha hai un ano, máis aínda non se verificou e que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.

No ámbito galego a Xunta de Galiza límitase a aprobar plans propagandísticos que non teñen o orzamento e seguimento adecuado, e a incumprir a súa propia lei, como amosa o feito de que nin sequera teñan impulsado o correspondente Plan de igualdade no ámbito da función pública galega ou que se neguen a cumprir a lei de igualdade e elaborar unha estatística que amose o valor para a economía galega do traballo doméstico invisible que realizan millóns de galegas e amose a desigualdade real no reparto dos tempos nos fogares. Entre outras promesas incumpridas, podemos recordar que en marzo de 2019 o BNG impulsou un acordo no Parlamento Galego para o impulso de cláusulas de igualdade que o Partido Popular non pon en marcha. Así mesmo, desde hai anos reivindicamos a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004, para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade. A Xunta aproveitou o 25 de novembro de 2021 para prometer que reformaría aspectos, mais a día de hoxe nin se coñecen propostas nin hai un traballo de diálogo e participación co feminismo e coas organizacións sindicais.

Neste 2022 as mobilizacións arredor do 8 de marzo deben servir para sernos conscientes das cuestións pendentes e inaprazables da axenda feminista. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o papel do feminismo galego e instar ao cumprimento por parte das administración dalgunhas das máis urxentes.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

## **ACORDO**

**1.** Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema



económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

**2.** Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso incumprido desde marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega contemplando, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación, así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

**3.** Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade.

**4.** Demandar do goberno central que non siga demorando a tramitación da ratificación do convenio 189 da OIT e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.

**5.** Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. Así mesmo, demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias.

Nestes días aínda temos en folga a centos de mulleres das conserveiras, xustamente por isto.

## **DEBATE**

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que recoñecemos a todo o feminismo galego a labor que realiza a favor da igualdade real entre xéneros, e recoñecémolo non só nas convocatorias con motivo de datas significativas coma esta do 8 de marzo, senón al longo de todo o ano, porque as actuacións para a consecución e mantemento da igualdade deben ser constantes.

Non cabe dúbida que é responsabilidade de todas as administracións levar adiante



e respaldar iniciativas transversais que melloren calquera situación de desigualdade e creemos que nese escenario, é moi importante e fundamental a educación, tanto nas escolas como no ámbito familiar. Educar en valores como a igualdade o respecto e a corresponsabilidade para chegar a acadar de xeito efectivo a igualdade de oportunidades. Como importante é tamén promover e fortalecer a visualización no ámbito rural do papel das mulleres na mellora da dinamización do territorio. Dar resposta as necesidades de conciliación dentro da corresponsabilidade no fogar mediante o impulso da rede de infraestruturas para nenos e nenas de 0 a 3 anos, bonos concilia e a posta en marcha de casas-niño e casas do maior no rural.

En canto á reforma da Lei de Igualdade 7/2004 temos que dicir que a actual normativa en materia de igualdade na nosa comunidade autónoma réxese polo RD Lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, quedando coa súa aprobación expresamente derogada a *Lei 7/2004 de 16 de xullo galega para a igualdade entre homes e mulleres*, que é a que vostedes din que se derogue e se faga unha nova, entre outras que tamén quedaron sen efecto pola aplicación deste decreto. De todas formas, tal e como recollen vostedes nesta moción, a Conselleira de Emprego e Igualdade María Jesús Lorenzana xa amosou, a finais do ano pasado, a súa vontade de facer unha reforma de gran calado no marco da normativa galega de igualdade que permita a súa adaptación á realidade actual.

Apoiamos a petición ao Goberno Central de mais recursos para a inspección laboral e a súa transferencia a Comunidade Autónoma Galega.

En canto á creación por parte da Xunta dun corpo específico de inspección laboral ao que vostedes fan alusión, albergamos certas dúbidas respecto da súa viabilidade, ao non contar co amparo da lexislación estatal.

A pesar de todos eses matices imos apoiar a súa moción porque pensamos que o espírito da mesma recolle precisamente estes matices que acabamos de puntualizar.

Toma a palabra o Sr. González que indica que o grupo de goberno posicionámonos de manira semellante e entendendo que todo o que se faga por parte das administracións para acadar unha igualdade efectiva entre homes e mulleres sempre é pouco. Fai falta a adaptación do marco lexislativo á realidade actual, recursos para que sexa efectivo e o Concello súmase a este 8 de marzo,



hoxe estivemos elaborando o programa deste ano 2022.

## VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 a favor

GRUPO MIXTO-PSOE:

### 5. Moción BNG - Adquisición e protección da casa do Poeta Añón.

**Desfavorable**

**Tipo de votación**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

#### MOCIÓN

Exposición de Motivos:

Outes tivo a sorte de ver medrar entre os seus veciños ao noso ilustre e coñecido Poeta Añón. Tivemos a sorte de que entre os nosos persoeiros se atope un dos primeiros precursores do rexurdimento, un dos primeiros homenaxeados coas letras galegas. Añón foi un gran poeta mais tamén unha persoa comprometida coa nosa lingua e co noso país, foi quen de deixar unha pegada fortísima de amor que aínda segue a agromar e que debemos coidar.

Por desgraza, non todo é de conto de fadas e por todos é ben coñecido o pésimo estado de conservación no que se atopa a súa casa natal en Boel. Isto non ten outro calificativo máis que de vergoña. Que houbera dificultades no pasado para a adquisición da mesma non debe servir de xustificativo para deixar toda tentativa na súa xusta protección. Impórtanos a nosa historia, o noso legado e iso non debe quedar só enriba dun papel nin dun bonito discurso nos días máis oportunos. O querer amósase camiñando e é hora de que a corporación de Outes cumpra cunha longa e agardada obriga moral.



É por iso polo que, a través desta proposta, nos facemos eco das reivindicacións da asociación cultural Terra de Outes, que nos pasados meses veu a celebrar a XII Muiñada arredor da recuperación da casa natal do Poeta Añón.

En base ao exposto, proponse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

- 1.** Que o goberno local negocie cos propietarios actuais a adquisición da casa natal do Poeta Añón para a súa posta en valor e restauración.
- 2.** Que o goberno local negocie, implique e solicite fondos doutras administración para aliviar a carga económica que supón un investimento deste tipo ás arcas municipais.
- 3.** Que o goberno local solicite, formalmente, a declaración BIC da casa natal do Poeta Añón e do Pazo de Boel.
- 4.** Que este tipo de accións se tomen en consenso co tecido asociativo local.

### **DEBATE**

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que en principio a nos non nos parece mal que o Concello, previo estudo de viabilidade e oportunidade económica, adquira un inmovible cunha carga histórica e cultural tan nosa como é que fora a casa natal de Francisco Añón, un dos persoeiros outenses mais coñecido e recoñecido e que tanto contribuíu a que o noso Concello sexa coñecido fora do noso territorio. Aínda así, pensamos que a incorporación desa propiedade ao patrimonio municipal debería ter un destino sostible e que antes de realizar unha hipotética adquisición debería contarse cun plan no que se definise ese destino.

Se en algún momento esta proposta chegara a facerse efectiva e a casa natal de Añón pasara a pertencer ao Concello tampouco nos parecería mal que se fixese un estudo dos efectos que conlevaría a petición de declaración BIC da mesma.

O que xa non vemos tan claro é a petición desta figura de protección para o outro inmovible, o Pazo de Boel, que ata onde sabemos é de propiedade privada e non temos coñecemento de se antes de presentar esta moción vostedes mantiveron contacto cos propietarios para saber que é o que pensan sobre a súa pretensión e



de que forma lle pode afectar a súa propiedade a petición desta declaración.

Este mesmo razoamento se aplicaría á petición de declaración BIC para a casa natal de Añón no caso de non ser adquirida polo Concello.

Toma a palabra o Sr. González que indica que consideran que isto non é prioritario, por tanto non vemos a necesidade desta moción. As razóns, adquirir un ben que ten certa importancia simbólica pero é preciso que teña un fin, un destino, e o que o Concello ten son inmobles, edificios que poden albergar actividades de todo tipo e sobre todo se a finalidade do que se quere adquirir non está clara a nós créanos moi dúbida.

Parécenos que o valor arquitectónico non é suficientemente elevado e por último resaltar a figura de Añón pódese facer de múltiples xeitos, como xa se está a facer, e que o máis importante é distinguir a parte material e inmaterial. Destacar de Añón a súa obra e facer máis cousas para recoñecer e dar a coñecer a mesma.

Polo tanto, non nos parece prioritario a adquisición deste inmovle e por iso non imos a apoiar esta moción.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que se atopan decepcionados que esperaban do goberno de Outes máis sentido común. Acaba de pronunciar unha intervención moi desafortunada, creo que non é consciente aínda do que acaba de dicir e restarlle importancia do que estamos a falar.

En primeiro lugar responder á voceira do PP podemos entender que hai que facer estudos cousa que sempre dixemos, xa que, para nós ese é traballo do goberno facer os estudos pertinentes e nós traemos unha proposta que cremos que está máis que xustificada e que debe ser o goberno quen faga estes estudos.

Sobre a declaración de ben de interese cultural, para nós ese é un traballo do goberno de Outes. Isto non quita que como BNG e como veciños de Outes nos preocupe o debido mantemento destas propiedades que teñen non un valor arquitectónico pero si un valor histórico moi importante, que debemos preservar e intentalo. Vostede di que non é prioritario, quizais non imos que hai que pecha a casa do Concello e sacalo doutro lado.

Non debe ler porque no punto segundo indicase que o Goberno local negocie, implique e solicite fondos doutras administracións para aliviar a carga económica que supón o investimento deste tipo ás arcas municipais. Negocie, implique e



solicite, somos conscientes de que non é unha compra económica para as arcas municipais de Outes e que isto require dunha restauración, un proxecto, pero hai outras administracións que se negocia pódense obter axudas, é a súa responsabilidade.

Parécenos moi triste escoitar da boca do alcalde do Concello de Outes que a casa do poeta máis recoñecido do noso concello non teña valor arquitectónico, pode ser que non nacera nun berce de ricos, pero iso non quita a importancia. Queda patente a nosa postura e aos veciños de Outes tamén lles queda clara a postura do Goberno.

Toma a palabra o Sr. González que indica que reiteran o que xa comentou e que pensan que non é prioritario. Non é a primeira vez que vostedes propoñen a compra dun inmovible sen indicar o fin de este. Unha cousa é adquirir un ben e outra cousa son os custes asociados, poderíamos conseguir financiamento para a adquisición ou restauración pero despois hai que mantelo e iso implica custos. Se facemos un uso eficiente dos recursos non podemos adquirir inmobles que van a supor un gasto que non teñen unha finalidade concreta.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos en contra

PP: 5 abstencións

BNG: 2 a favor

GRUPO MIXTO-PSOE:

Decaen o acordo por non acadar a maioría necesaria.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

- **PREGUNTAS**
  
- **Do PP:**



**1ª PREGUNTA.** Sabemos que a Vicepresidencia da Xunta de Galicia concedeulle ao Concello de Outes, entre outros da contorna, unha subvención para a adquisición mediante sistema de renting dun novo vehículo destinado á Policía Local, e que con data 12 de novembro o Sr. Alcalde decretou facer unha xeración de crédito para afrontar o pago correspondente a primeira anualidade. A pesar de que noutros Concellos aos que se lles concedeu unha subvención similar xa dispoñen do correspondente vehículo, non apreciamos que en Outes suceda o mesmo, xa que nin vimos o novo vehículo nin tivemos novas de que fora entregado.

- ¿Cal é o motivo polo que a Policía Local non está facendo uso dese novo vehículo?
- ¿En que situación se encontra o obxecto desta subvención?

Responde o Sr. González que efectivamente se solicitou esta subvención para o vehículo para a policía local. Esta subvención foi concedida pero os trámites para a adquisición deste vehículo foron complexos e fixo que por unha cuestión de recursos non fora posible a adquisición antes do período marcado por esta subvención. En calquera caso puxémonos en contacto coa Presidencia indicáronnos que hai varios concello que están na mesma subvención e indícanos que nas vindeiras semanas sacaran unha nova convocatoria para esta mesma finalidade que agardamos que se nos concedan e que vai ser con criterios de licitación máis flexibles.

Continúa a Sr. Molinos indicando que resumindo, quere dicir vostede que debido á falta de boa xestión do seu goberno, de novo perderon mais de 31.000 € dunha subvención previamente concedida?. É dicir, que lle puxeron os cartos enriba da mesa para comprar un vehículo para a Policía Local e vostedes non foron capaces de reter eses cartos e facer as xestións precisas e necesarias para poder dotar á Policía local dun novo vehículo e agora contestan que non tiveron tempo e que non foron vostedes sós, que tamén hai outros 12 concellos aos que lle pasou o mesmo. Non sabemos cantos foron os que si foron quen de facelo ben, creo que eran 54 vehículos. Eses sí o fixeron ben a a súa Policía Local ten un vehículo novo co que lle da un mellor servizo aos seus veciños, ao igual que podería pasar cos de Outes. Pero a pena é que parece que vostede non lle da importancia, ¿ou é a miña sensación?, como tampouco lle dou importancia a perder 25.000€ do POS social do 2020 da Deputación, e tampouco lle dou importancia a perder 35.000€ doutra subvención para o Estaleiro de Ciprián, que se sumamos son 25.000 da Deputación mais 35.000€ do Estaleiro, mais ou menos, e 31.986€, isto si é exacto, do coche da Policía Local.





Vostede non ten nada mais que dicir ao respecto que que van a sacar outra convocatoria. O problema non é se a sacan todos os anos, o problema son os cartos dos veciños de Outes que vostedes son capaces de perder, cartos que tiñan enriba da mesa e que non foron capaces de dar conta deles, e se eso é moi malo, a súa actitude de agora, ríndose do asunto é moitísimo peor. Non teño nada mais que dicir porque está todo tan claro que non hai nada mais que se poda dicir ao respecto: 25.000 € da Deputación, poñámoslle 30.000€ do estaleiro, porque o problema non é que sexan 30.000 ou 35.000, o problema é que os tiñan enriba da mesa e que os perderon, e agora 31.986€ do coche da Policía Local, din que ao mellor para o ano chega, nos non esperamos só que se presenten, esperamos que se presenten e que non sexan capaces de deixar marchar os cartos outra vez, porque non me estrañaría nada que o fixeran, vista a súa traxectoria non sería unha cousa moi estraña que pasase eso outra vez.

Mire un pouco polos cartos dos veciños de Outes que é o que ten que facer.

Responde o Sr. González que para que pasen cousas como estas hai que solicitalas, cando remate este mandato faremos contas de cantos xestionamos nós en materias de axudas con outras administracións e cantos xestionaron vostedes no seu mandato.

**2ª PREGUNTA.** O 29 de Decembro pasado o Goberno daba conta a través dun Decreto da Alcaldía, da celebración dun contrato menor de servizos denominado “Saberes e Sabores de Outes” por valor de 13.000€. As nos preguntas ao respecto son as seguintes:

- ¿Que conceptos polo miúdo inclúe este servizo?
- ¿Cales deses conceptos foron xa executados? No caso de ser así, ¿en que datas se executaron?
- Se aínda queda algún por realizar, ¿cando ten previsto o Goberno levalo a cabo?

Responde o Sr. González que efectivamente asinaron o citado contrato que consiste en promover o que ten que ver coa produción do sector primario, ten un programa definido e unha serie de servizos, formación en materia de promoción do sector primario, promoción e comercialización destes produtos. Dentro deste proxecto vaise desenvolver todo este ano. Polo momento houbo unha reunión e posta en común de interesados e posibles beneficiarios, unha posta en común, estase desenvolvendo formación como a poda de árbores frutais e en canto á promoción estase a realizar un programa audiovisual. Quérese que despois redunde nunha



mellora das capacidades de comercialización, atraer xente nova e crear unha feira para promover este tipo de produtos.

Toma a palabra a Sr. Molinos que indica que moitas grazas pola súa explicación, pero o contido dos programas “Sabores e Saberes” xa os tiñamos coñecidos. Entón, segundo isto, quere dicir que os 13.000€ do contrato que fixeron con esta empresa, son para identificar produtos, as cebolas e algún mais, supoño, para formación, promoción e comercialización, ¿isto como é? ¿a comercialización tamén a vai facer esta empresa?

Está mais ou menos explicado. Nos entendemos que as actividades de formación fainas esta empresa, é son a cargo dos 13.000€ non indo a haber o pago de ningunha outra factura a outro provedor por este tipo de formación, entendemos que é así. Ben, pois nada mais.

- **Do BNG:**

**PREGUNTA 1.** Con respecto ao arranxo das obras que están pendentes do Clube do piragüismo da Ponte. Somos coñecedores de que a actual directiva do Clube intentou poñerse en contacto con vostede e trasladábanlle que o proxecto que vostedes presentaban non solventaba todas as necesidades para levar a acabo as actividades. Teñen pensado reunirse con eles e consensuar un proxecto? Cal é a data definitivo de arranxo das obras do clube de piragüismo da Ponte?

Responde o Sr. González que a nova directiva púxose en contacto con nós e nunha das reunións tratáronse as obras que se van realizar, o proxecto foi realizado antes da chegada da nova directiva e trasladáronnos a necesidade de complementalo con levar para a planta de arriba os baños. Fomos sensibles a esta petición, reunímonos coa Secretaria Xeral en Santiago e vou o director do clube e de feito acordouse un convenio para acometer estas obras e agardamos que a Secretaria Xeral tamén nos axude a adquisición de material necesario para darlle un impulso inicial.

Toma a palabra a Sra. Suarez que pregunta que con respecto a resposta, nas primeiras reunións co Concelleiro de deportes sabemos que o proxecto a eles a non lles servía e que escoitaran á nova directiva, despois de insistirle por medio de mocións e solicitamos que non fixera as obras se a directiva non estaba de acordo. Agora indícanos que o que pretenden é subir os aseos á planta superior, non sei se a vostedes lle trasladaron só isto, pero a nós mostráronnos a súa preocupación por como están os accesos. Non sei se teñen previsto actuar. Tampouco sei como van



solventar vostedes o caso do acceso a ditos baños en caso de persoas con mobilidade reducida.

Pedirlle unha vez máis que non cremos que sexa necesario estar repetindo as cousas unha e outra vez.

Toma a palabra o Sr. González para dicir que a realización co clube é excelente e en segundo lugar vostede critica as obras que se ían a levar a cabo pero vostedes votaron a favor das mesmas cando se presentaron co POS 2021.

**PREGUNTA 2.** Todos podemos ver o mural de enfrente do Concello, e queríamos saber, se foi algo promovido dende o departamento de cultura e se foi das arcas do Concello ou aproveitaron a subvención que sacou a Deputación para arte urbana no mes de novembro? Teñen previstos máis espazos?

Responde o Sr. González indica que asumiu o Concello e con respecto a esa liña de axudas era para festivais de arte urbana mínimo con 2 anos de antigüidade. Temos pensado facer máis actuacións para promover a arte urbana.

Intervén a Sra. Suárez para indicar que entenden que o Concello de Outes asumiu ao que o Sr. González indica que si que foi o Concello co consentimento do propietario e tivo un custe de 6.786 €.

*Indica o Sr. González que hai unha pregunta do Partido Socialista pero que como non se atopa presente deixase para contestar no vindeiro Pleno.*

### **PREGUNTAS ORAIS:**

- **Do PP:**

**1ª PREGUNTA.** Con respecto ao proxecto “Mellora da sinalización de tráfico no concello” que despois de producírense varios inconvenientes no proceso de licitación, finalmente se lle adjudicou na XGL do 11 de maio do ano pasado á empresa Serovial S.L., queremos saber:

- ¿En que estado está a execución do proxecto?
- No caso de que aínda non rematara ¿en que data teñen prevista a súa finalización?

**2ª PREGUNTA.** No Pleno do mes de Novembro do ano pasado preguntámoslle ao respecto dos valados para resgardar contedores de lixo que foron adquiridos cos cartos correspondentes ao Fondo de Compensación Ambiental do ano 21. Despois



de que a sr. Alcalde decretase a xustificación desa conta o 17/11/2021 e que se aboara a factura correspondente a sua adquisición no mes de outubro, que o sr. Alcalde nos contestara en decembro que estaban acopiados e que serían instalados no mes de xaneiro, sorpréndenos que finalizando febreiro aínda non estean colocados nas ubicacións previstas.

Dixo tamén o Sr. Alcalde que non se tiveran instalados por falta de tempo, como nos parece difícil de xustificar que dende polo menos outubro non houbera tempo para facelo, queremos preguntarlle:

- ¿Hai algunha razón distinta da que vostede nos comentou relativa a falta de tempo, para que non o fagan?.
- ¿Que prazo de prórroga se deu a si mesmo para a instalación destes valados este goberno que tanto autopresume de estar preocupado polo medioambiente e polo envellecemento do noso concello?

- **Do BNG:**

**PREGUNTA 1.** É un pouco sorprendente como o noso Alcalde se toma algunhas cuestións, primeiro por como reacciona sobre a pregunta do PP e como mentres fala a nosa concelleira parece que vostede se vai durmir e non investir no patrimonio como vimos con anterioridade e as destine a outras cousas. É curioso que destine 35.000 ou 40.000 euros para o que ao final resultaron ser dúas prazas para descarga de bicis das autocaravanas que estamos pagando os veciños de Outes porque non hai facturas, en base a que? Iso é prioritario? Máis que preservar o no legado histórico? A vostede parécelle correcto vir aquí e dar clases de xestión pública e do que é a xestión dun concello e nin se lles acorra presentar unha enmenda que poderíamos ter estudado perfectamente? Parécelle correcto que o Concello de Outes vai en contra o persoeiro máis importante que ten?

## **7. ROGOS.**

- **Do PP:**

**1º ROGO.** Veciños de diferentes parroquias, fixéronnos chegar as súas queixas con respecto ao mal estado dos viais de carácter municipal do concello, xa que moitos deles presentan gran cantidade de fochancas e non ven que se proceda ao bacheado das mesmas.

Rogámoslle que se tomen en serio o mantemento das estradas que son da sua competencia e que cando menos procedan ao bacheado das mesmas.



**2º ROGO.** Vemos que no Paseo do Río hai varias árbores e polas caídas no leito do río, algunhas recentemente. Deste xeito o normal discorrer da auga vese afectado pola interrupción debida a eses obstáculos. Podendo constituír esta situación un problema grave no caso de enchentas.

Rogámoslle ao Goberno Municipal que tome as medidas oportunas para solucionar este problema.

**3º ROGO.** Estamos a observar un gran abandono na limpeza das beirarrúas en moitos lugares do Concello. Por poñer un exemplo, fai aprox. dous meses houbo un accidente na avenida, de San Campio, un pouco mais alá do PAI e a día de hoxe aínda hai restos da carrocería accidentada na beirarrúa. Isto é só un pequeno exemplo porque a situación é xeneralizada.

Rogámoslle ao Goberno que tome as medidas necesarias para que se resolva este problema.

**4º ROGO.** O pasado martes o goberno anunciou un corte de auga na avda. de San Campio de 8 a 11 da mañá. Nos entendemos que haxa que facer cortes de auga, entendemos que neste caso por necesidades da obra que se está a levar a cabo nesa rúa, pero quixéramos pedirlle ao goberno que no futuro teñan en conta cando programen os cortes, o horario en que os van a facer, de maneira que lle afecten o menos posible aos veciños. Xa que de 8 a 11 é un intervalo no que se usa mais a auga que noutras horas (moita xente se levanta e asea a esa horas, os nenos saen cara o colexio, abren os negocios etc.).

Rogámoslle ao goberno que na medida do posible teña en conta o anteriormente exposto á hora de programar cortes de auga.

**5º ROGO.** A limpeza do vial de Entíns a Fontenlos segue se ser merecedor de atención por parte do goberno. Non creo que despois de 15 meses e 14 rogos feitos en pleno lle teña que volver a explicar cal é a situación, nin como empeora co tempo.

Ante un comentario que fixo o alcalde, dicindo que estivera por alí e que tampouco tiña tanta falta, o que estamos vendo é que non só se trata dun problema de ineficacia ou de inacción, senón de algo que nos semella, se cabe, aínda mais grave, e é que o goberno non ten capacidade de identificar as necesidades cotiás dos veciños, e aínda peor tampouco as recoñece cando llas mostran diante.



Pedímoslle ao Goberno por décimo quinta vez que tome as medidas precisas para limpar as beiras deste vial.

- **Do BNG:**

**ROGO 1.** dende o lugar Vilardigo trasládannos que seguen cos viais abandonados e foron a peor. Ademais trasládannos unha pregunta; se as normativas urbanísticas son iguais para tódolos veciños do Concello? A nosa resposta foi que si. Pero nós mediante este rogo trasladámoslle a pregunta a quen ten a responsabilidade e o Goberno que son vostedes. As normativas urbanísticas son iguais para todos os veciños de Outes?

**ROGO 2.** Xa temos resposta por parte de Consellería de transporte con respecto á problemática de transporte con respecto aos rapaces que ían ao instituto de Noia e satisfactoria non é. Rogamos que asuma a súa responsabilidade e tome medidas no asuntos e solvente a problemática existente, posto que a resposta da Consellería é que non ven o problema.

**ROGO 3.** Con respecto ao corte de auga que facía referencia a voceira do PP na Rúa San Campio o corte foi de auga e de luz e chagáronnos queixas non só polo horario. A nós o que nos trasladan é que a parte do horario non era o máis axeitado non o anunciaron vostedes, polo que, pídennos que se anuncie.

**ROGO 4.** Xa se falou en varias ocasións a dilatación no tempo para responder certas solicitudes que se fan por rexistro e cóntannos e así se nos fixo saber por algún veciño que hai casos que isto se alonga máis de medio ano. Sobre todo cando se solicitan informes de urbanismo sobre a normativa, non o entendemos e non cremos que isto sexa aceptable. Rogamos que cumpran co seu deber e xestionen debidamente as respostas cando se lle fan.

**ROGO 5.** Rogámoslle que non abuse da súa posición e cumpra da maneira máis imparcial.

<b>C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES</b>

*Remata a sesión ás 21:10 horas do que, como Secretaria, dou fe.*



**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: Z4TYZF93SZRXWXCXL6FRHT | Corrección: <https://boies.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 23